

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ**  
**Secretaría**

*Selección dun/ha técnico/a de orientación laboral*

**ANUNCIO**

Expediente núm. 2021/E001/000012

Mediante o Decreto núm. 1424/2021, do 26 de agosto, da alcaldesa en funcións, acordouse convocar o proceso selectivo (concurso-oposición) para a contratación laboral temporal dun/ha técnico/a de orientación laboral e a constitución dunha lista de espera ou reserva.

As solicitudes serán dirixidas ao Rexistro Xeral do concello no prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio da convocatoria no BOP. A convocatoria e as **bases publicaranse** de forma íntegra no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>), sen prexuízo da súa publicación na páxina **web** municipal.

As solicitudes presentaranse **única e exclusivamente na sede electrónica do Concello das Pontes de García Rodríguez** (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/>), ao abeiro do artigo 6.4.f) do Regulamento da administración electrónica municipal do Concello das Pontes de García Rodríguez (BOP núm. 44, do 08/03/2021).

A solicitude xenérica para procedementos de persoal atópase no enlace

<https://sede.aspontes.org/opencms/es/procedimientosytramites/tramites/Convocatoriadeselecciondepersoal>

A presentación da solicitude de participación en **papel** (no concello, nas oficinas de Correos ou a través do sistema SIR de calquera administración), dará lugar á **exclusión** da persoa participante.

As Pontes de García Rodríguez, 26 de agosto de 2021

A alcaldesa en funcións

María Tania Pardo Cabarcos